

Almanaque Agrícola

ano

LXVI

Ano 2018



A Pedra da Serpe
(Gondomil). A Costa da Morte.

syngenta.

A mellor elección
funxida
para o seu viñado



A **nova xeración** funxida
sinérxica e **sustentábel** para
controlar o **mildio** da vide

 **Ampexio**®

syngenta.

© 2017 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

©


Índice

A nosa fábrica: Comprometidos co Medio Ambiente			4
Rescatando anacos do noso pasado: A Faia			8
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O oficio de palilleira"			13
Convocatoria novo certame: "A Malla"			24
As nosas castes de vide: A variedade "Palomino"			26
Xaneiro	30	Santiago	42
Febreiro	32	Agosto	44
Marzo	34	Setembro	46
Abril	36	Outubro	48
Maio	38	Novembro	50
San Xoán	40	Nadal	52
Guieiro de herbas medicinais			55
Guía de tratamentos viñedos galegos			58
Amplexio. O novo funxicida para o control das enfermidades da viña			61
Outros males da viña			64
Consellos para os coidados da viña			66
Tratamentos das froiteiras de carabuña			69
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			70
Tratamentos de invernadoiros e hortas			72
Tratamentos das patacas			74
Tratamentos do millo e outros cereais			76
O Parque Natural: As Fragas do Eume			77
Feiras gastronómicas			84
Catálogo xeral de sementes			91
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			95
Lendas			108
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			110
Enderezos dos nosos colaboradores			114



a nosa fábrica

Comprometidos co Medio Ambiente




Sygenta é unha empresa dedicada a contribuír á mellora das condicións de vida da poboación, desenvolvendo unha agricultura sostible. E a sostibilidade conséguese obtendo máis produción pero sempre sen aumentar, ou mesmo diminuíndo no posible, o consumo de recursos.

Para alcanzala é imprescindible o coidado do medio ambiente.

Na fábrica do Porriño, centro produtivo de fitosanitarios, estamos comprometidos co medio ambiente. Como proba, levamos máis de 15 anos, concretamente desde o ano 2000, certificando a nosa actividade industrial baixo a norma **ISO 14001 -Certificación de sistemas de Xestión Ambiental** e baixo o regulamento **EMAS - Sistema Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría**.

Año tras ano avanzamos nos nosos compromisos, xa sexa poñendo en marcha novas iniciativas ou elevando o nivel de exigencia das xa implantadas. O obxectivo principal sempre é reducir a afección á contorna e que o impacto sexa cada vez menor.




As melloras conséguense de varias formas: introdución de melloras tecnolóxicas que fagan a produción máis eficiente e por tanto diminuíndo o consumo de materiais, analizando os procesos en todos os departamentos para **suprimir desperdicios**; e **redución do consumo enerxético**, mediante a formación e sensibilización de todos os que formamos parte de Sygenta.

Como resultado da nosa actividade prodúcense dous tipos principais de residuos: residuos de tipo doméstico similares aos xerados nunha poboación e residuos xerados durante o consumo de materias primas e a súa transformación en fitosanitarios. Todos os anos na fábrica do Porriño buscamos a forma de diminuír esta xeración.

Un exemplo recente foi a **modernización da tecnoloxía existente para o tratamento de augas residuais**, que nos está permitindo depurar internamente máis do 90 % das augas industriais xeradas. Conseguíronse beneficios en dúas áreas: redución do transporte destes residuos para o seu tratamento noutra planta, coa consecuente diminución en consumo enerxético e emisión de CO₂; e redución do consumo de reactivos químicos e carbón de filtración, diminuíndo tamén a xeración de residuos. Conseguiuse unha redución de máis

1.060 kg de CO₂ anuais ao diminuír a xestión externa de augas industriais (50 g de CO₂ por KM/T), e no caso do carbón, unha redución do 70 % no seu consumo.

A través da análise dos procesos de formulación e envasado tamén fixemos cambios nas instalacións que reducen a xeración de residuos. Un caso concreto foi o reposicionamento de elementos de filtración, de tal maneira que os materiais retidos nos filtros non son residuos perigosos. Consequimos reducir un 50 % a xeración de residuos mantendo a eficiencia da produción e a calidade dos produtos.



Outras iniciativas están encamiñadas á **redución do consumo de materias primas**, e non só nas liñas de produción. Un exemplo é a **mellora das técnicas analíticas no laboratorio de control de calidade**, que conseguiu a redución do consumo de disolventes nun 2 %.

Todos os anos facemos unha revisión xeral do consumo de materias primas nas liñas de formulación e envasado, para identificar aqueles casos en que os consumos son maiores dos esperados. Nos casos que se atopan estúdase o proceso produtivo, identifícase a causa e implantamos as medidas correctivas adecuadas. Desta forma evitamos o consumo innecesario de materias primas.



Depuradora para o tratamento de augas residuais



Outra forma de reducir o impacto ambiental foi mediante a **instalación de pequenas compactadoras de residuos próximos ás liñas de produción**. Así redúcese o consumo de enerxía por dúas vías: **redución do número de quilómetros efectuados dentro do recinto polas carretillas e redución nun 50 % do número de viaxes e por tanto de quilómetros dos transportistas das empresas xestoras dos residuos.**

Un punto de partida importante é **facer unha correcta segregación dos residuos xerados**. Para que a segregación sexa o máis sinxela posible para calquera traballador ou visitante, instalouse en todos os colectores unha **identificación visual que evita posibles erros**. É a forma de asegurar que cada material xerado se xestiona correctamente.



Colectores para facer unha correcta segregación dos residuos



Estes obxectivos de mellora que marcamos e conseguimos non serían alcanzables sen o involucramento do persoal da fábrica. E isto é posible grazas ao tempo dedicado a actividades formativas e de sensibilización.

Un exemplo de involucramento do persoal foi o **lanzamento dun concurso entre o persoal da fábrica**, no que a idea gañadora foi a **colocación de colmeas dentro do recinto da fábrica**. As colmeas foron construídas polos propios traballadores e agora todos os anos dispoñemos de mel propio.



Estes son só algúns exemplos recentes de iniciativas desenvolvidas na fábrica do Porriño coas que quixemos contribuir á sostibilidade do planeta e ao coitado do medio ambiente.

Seguiremos buscando e implantando melloras nos próximos anos. O noso compromiso co medio ambiente é firme.



Colmeas construídas polos propios traballadores dentro do recinto da fábrica

Mel procedente das colmeas da fábrica do Porriño



Rescatando ANACOS DO NOSO pasado



ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

Faia (*Fagus sylvatica*, L.)



A faia é unha árbore de porte elegante pouco común en Galicia, quizais porque ten aquí o seu límite sur de distribución, quizais porque se explotaron antano para a fabricación dos remos, temóns e taboleiros exteriores para o fondo dos navíos da Armada Española,

ao ter unha madeira que non podrece. A faia ten un crecemento moi lento, pode alcanzar máis de 30 metros de altura e vivir ata os 300 anos. En Galicia é escasa, moi próxima de ríos e regatos, en ladeiras ao norte das zonas montañosas, en formacións boscosas.



Reinhold Leitner/
Shutterstock.com

Descrición e ecoloxía

O seu nome provén do grego fayos 'comechón', referido aos seus froitos comestibles. O tronco é limpo e dereito, de ramas ascendentes e poliñas zigzagueantes con xemas fusiformes aguzadas de cor pardo-avermellada.

As follas son caducas no outono, simples, lixeiramente elípticas con bordo sinuoso ondulado e cilios sedosos, de delicada cor verde pálida ao emerxeren, ata acadar unha coloración dourada belísima no outono. A disposición en pisos das follas, para obter a maior cantidade de luz solar posible, fai que a cantidade de luz que logra atravesar as copas sexa escasa, favorecendo un sotobosque limpo onde moi poucas especies herbáceas e arbustivas son quen de progresar, o que facilita a formación de masas puras e densas.

Os seus froitos (faiucos) ábrense nunha cápsula grande en catro valvas recuber-

tas de espiñas membranosas non punzantes. Os froitos maduran no outono e son comestos por unha ampla variedade de fauna.

A polinización lévaa a cabo o vento. A árbore, lonxeva, pode dar froito ata os 100 anos e é moi frecuente ver no sotobosque pequenas plantuliñas novas nos solos removidos.



Martien van Gaalen/Shutterstock.com

Os froitos da faia

Despois da última glaciación, hai 9.000 anos, os faiáis quedaron reducidos a bosques nos Cárpatos, os Perineos e a cordilleira Cantábrica, expandíndose desde aquí rapidamente ata a súa distribución actual. As faias atópanse en escasas rexións montañosas da provincia de Lugo. Precisa dun ambiente húmido nos meses de verán, por iso elixe os lugares máis sombríos nas masas forestais mixtas. Desenvólvese entre os 600 e os 1.300 metros de altitude, en vales de forte pendente e exposición norte. Medra en solos fértiles, frescos e profundos, non moi húmidos, sobre rochas de lousa ou rochas calcarias. Non existen en Galicia moitos bosques desta especie, debido posiblemente a seren obxecto dunha intensa explotación debido á súa apreciada madeira e ao feito de se atoparen no seu límite de distribución.

Usos

A madeira de faia vén sendo empregada tradicionalmente na elaboración de ferramentas e fabricación de obxectos en torno xa que se presta ben ao torneado. Nos fogares empregouse na fa-



bricación de tallos, cadeiras e, en especial, para elementos torneados de uso doméstico, como mangos de ferramentas, carretas, carros e arados. Tamén foi moi empregada para confección de raís para vagonetas antes de que se incorporase o ferro fundido.

Dada a súa facilidade para arder e por ser rica en aceites, foi moi frecuente o seu uso como combustible.

A madeira da faia é moi apreciada en ebanistería. Algúns faiáis de Galicia son moi explotados, como ocorre co de Pintinidoiras (Pedrafita do Cebreiro), onde se poden ver árbores cepadas para a obtención de leñas, mentres que noutros (Visuña, Fonteformosa e Liñares do Courel) as árbores conservan un porte mellor, máis parecido aos dos bosques do norte de España .

Os faiucos foron empregados na alimentación humana, secos ou ben asados, de sabor semellante as abelás e tamén para a fabricación de fariñas ou aceites, ben para a alimentación ou para alumear.



Outras curiosidades

As faias foron consideradas como símbolo da grandeza e da prosperidade, baixo a veneración do deus *Fagus*, que dá orixe ao seu nome xenérico. O seu culto é moi antigo, é unha árbore bastante citada na mitoloxía grega, consagrada a Diana e Xúpiter.

Algúns faiais de Galicia

O **Faial da Pintinidoira** ocupa algo máis de dúas hectáreas nunha valgada que mira aos Ancares e onde convive con acivros e outras caducifolias autóctonas. O acceso é relativamente fácil desde Pedrafita do Cebreiro. Unha vez na capital ancaresa hai que dirixirse á Pintinidoira e continuar un par de quilómetros para tomar unha pista asfaltada en dirección a Bazal. Tras un curto descenso, xunto a unha fonte, termina o asfalto. Para alcanzar o faial hai que camiñar algo máis de dous quilómetros por unha pista de terra. O Faial da Pintinidoira está enclavado na *Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá*.

O **Faial de Fonteformosa**. Fonteformosa pertence ao concello de Pedrafita do Cebreiro e, por extensión, á comarca do Courel (Lugo). É unha aldea pequena que se atopa na parte inferior do triángulo invertido que forma un antigo circo glaciar e que hoxe alberga un dos faiais máis importantes de Galicia: o Faial de Fonteformosa. Trátase dunha masa case pura de faias moi desenvolvidas, arrodoadas doutras especies como acivros (*Ilex aquifolium*), bidueiros (*Betula alba*) e capudres (*Sorbus aucuparia*).

Fraga da Marronda. No concello lugués de Baleira, na comarca da Fonsagrada, atópase este importante espazo natural incluído da Rede Natura 2000 que ocupa 1.240 hectáreas, das cales unhas 12 hectáreas son ocupadas polo faial máis occidental de Galicia, que comparte espazo con fragas de carballo e cerquiño, soutos de castiñeiros e queirogais.

Vista do faial de Fonteformosa



Árbore senlleira

No Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia figuran as seguintes faias:



Faixas de San Xoan de Lagostelle, Guitiriz, Lugo



Faixas do Pazo de Castrelos, Vigo.



Rescatando Cultura

un anaco da nosa



TRABALLO GANADOR DO CERTAME 2017

A OFICIO DE PALILLEIRA


Autor: José María Fortún

Historia do oficio en Galicia

Segundo o testemuño dalgúns historiadores, os primitivos galaicos utilizaban mallas e redes para a pesca, túnicas de fío de liño para vestir e cotas para a loita contra os territorios veciños. O que nun principio era unha arte de pesca e caza vaise trocando en confección de vestimentas e complementos ata chegar a converterse nun tráfico comercial. De xeito que cando chegaron os pobos invasores atopáronse cunha estrutura de entrecruzado que axudaron a perfeccionar. Entre eles hai que salientar os fenicios, dado o importante vencello que tiveron co noso litoral; o mesmo que os iberos, que trouxeron moitos dos coñecementos acadados nas súas viaxes por Oriente, coa consecuente influencia no pobo celta. Tamén o camiño do encaixe do Medio Oriente ao noso litoral puido pasar polas naves gregas, que se estableceron en colonias no noroeste da Península e nos deixaron a arte que acadaron nas súas expedicións. Posteriormente espallaron polo Mediterráneo e Atlántico norte moitos dos coñecementos adquiridos nos países que visitaron e que despois transmitiron aos celtas.

Non obstante, foron os romanos os que contribuíron en sobexo ao florecemento dos encaixes por causa das súas conquistas; así, por exemplo, dos exipcios, que tiñan unha gran riqueza no dominio do entrecruzado e bordados, carretes, bobinas etc., adquiriron uns coñecementos que despois espallaron polos pobos conquistados. A

caída do Imperio romano trouxo como consecuencia a formación das nacionalidades, de xeito que cada unha acadou a súa especialidade no encaixe, o que promoveu que



Distribución do encaixe en Galicia

- | | |
|------------------------------|-----------------|
| 1.- Viveiro | 14.- O Grove |
| 2.- Ferrol | 15.- Vilagarcía |
| 3.- Coruña | 16.- Cambados |
| 4.- Malpica | 17.- Pontevedra |
| 5.- Corme | 18.- Vigo |
| 6.- Laxe | 19.- Tui |
| 7.- Camariñas | 20.- A Garda |
| 8.- Muxia | 21.- Lugo |
| 9.- Corcubión | 22.- Ourense |
| 10.- Fisterra | 23.- Celanova |
| 11.- Muros | 24.- Bande |
| 12.- Noia | 25.- Lobios |
| 13.- Sta. Uxia de
Ribeira | |



as palilleiras incorporasen moitos deses modelos ás súas prácticas artesanais: de Francia o encaixe con agulla, de Flandres o uso dos palillos, de Italia modelos e patróns. Grazas ao comercio deses países con Galicia aumentou o coñecemento das nosas palilleiras. Por outra banda tamén hai que salientar a importancia que tivo o Camiño de Santiago, pois os peregrinos ofrecíanlle ao Apóstolo variedade de ofrendas de encaixes. Porén será no século XVIII e XIX cando o encaixe en Galicia chegaría ao seu máximo esplendor por mor de que as nosas palilleiras foron quen de acadar unha total perfección que continúa ata hoxe en día, sobre todo na bisbarra de Camariñas, contribuíndo a que este salientable traballo non esmoreza.

Partes dun encaixe e materiais

As partes dun encaixe son as seguintes:
A **alfomada**: ten forma alongada ou cilíndrica. O proceso de fabricación é moi sinxelo, para iso grámpanse uns anacos de espuma pequenos á táboa, despois grámpase a esta un anaco de espuma do tamaño das táboas e, por último, a espuma cóbrese con tea.

O **palillo** divídese en tres partes: o **puño** ou **cabeza**, que é a parte superior e que conta con dous topes, entre os que se sitúa a caixa; o **corpo** ou **mango**, liso e alongado, onde vai o fío, e onde se apoia a man; e o **remate**, que permite saber ata onde chega a man. Antigamente os mariñeiros facíanos con axuda dunha navalla e, cando llelos daban como agasallo ás mozas, gravaban neles os seus nomes acompañados de frases agarimosas. Hai unha clase de palillos de corpo máis ancho: as **palillas**.

O **picado** é unha peza de cartón onde se debuxa o labor.

A **caira** ou **coira**: colócase debaixo dos palillos para que esvaren dunha maneira máis doada e para que non se noten os vultos de palla.

O **fío** é outro dos elementos necesario para facer o encaixe: cos fíos grosos fanse colchas e toallas, cos finos panos, ligas etc. O fío máis empregado é o branco.



Outros elementos son: o **tapador**, a **palleta** ou **tilla** e as **bolsas** dos alfinetes e do fío.

Os materiais empregados ao ir dos anos apenas cambiou:

A **almofada** faise cun saco de palla de trigo, orxo ou centeo, e dous paus nos extremos para o apoio. Na actualidade tamén se enche doutros materiais como a espuma e a crina de cabalo.

Os **palillos** e **palillas** son unha parte importante do encaixe, a maioría son de madeira de buxo, piñeiro, ameneiro, nogueira ou bidueiro.

O **fío** máis usado é o de algodón, seda ou liño; outro tipo é o de ouro ou prata.

Os **alfinetes** empregan como material o aceiro, tamén se usan con cabezas de cores para ver con máis claridade por onde levar a guía. Cando as palilleiras traballan con fíos finos, usan alfinetes o máis finos posible.


A **coira** ou **coira** en principio era de pel de coello ou de ovella, agora úsase un material sintético.

O **tapador** faise cun anaco de tea que se pon enriba do labor para que non se luxe.

A **palleta** ou **tilla** é un anaco de madeira envolto en tea.

A **bolsa de alfinetes** vai rechea de serraduras ou doutro material. A bolsa de fío é outro saquiño de tea.

Outra peza importante é o **punzón**, que debe ser de aceiro para facer o picado cando o cartón é forte e duro.



Partes dunha almofada

- 1.- Cornos
- 2.- Bolsa de fío
- 3.- Bolsa de alfinetes
- 4.- Tilla
- 5.- Encaixe
- 6.- Cartón picado
- 7.- Corda
- 8.- Coira
- 9.- Funda da tea
- 10.- Palillos
- 11.- Palillas

Principais tipos de encaixe

Os encaixes galegos, aínda que presentan diferenzas segundo os lugares onde se realicen, teñen en común o de ser levados a cabo coa mesma técnica e materiais. Despois do estudo das variedade de encaixes existentes, tanto antigos como modernos, fíxose a seguinte clasificación:

A **coroa**, que se traballa con 24 pares de palillos.

A **xitana**, que é un labor por onde debe comezar toda palilleira principiante, emprega 25 pares de palillos.

O **rosario** emprega 16 pares.

A **Simona** trabállase con 16 palillos.


O **acordeón** e o **bioviño** trabállanse con 25 pares de palillos.

A **marabilla** non é doada de facer, trabállase con 32 pares de palillos.

A **silva** conta con 27 pares.

O **ganapán**, finalmente, presenta 22 pares.

Os puntos empregados son: par enteiro, par enteiro volteado, zurcidos, cordóns, piques e viriles.




Clases de almofadas

1.- Camariñas


2.- Corcubión

3.- Noia







1



2




3




4




5



6



7



8

Principais tipos de encaixe

1.- A coroa

3.- O rosario

5.- O acordeón

7.- A silva

2.- A xitana

4.- Simona


6.- A marabilla

8.- O ganapan

Importancia económica na historia

O nacemento do encaixe en Galicia céntrase na Costa da Morte, zona de mariñeiros, onde recolleron formas e técnicas doutras culturas. O motor que lle deu pulo a esta actividade foi a necesidade de mellorar a economía das familias, pois estas non acadan, tanto na pesca como na agricultura, o necesario para poder manter a familia. Ante esta circunstancia procuraron outros eidos para poder aumentar o seu patrimonio familiar, que atoparon no cultivo do liño como complemento económico ás devanditas actividades. Así, mentres os homes facían os labores da pesca no mar, as mulleres realizaban os seus en terra cos encaixes que logo comerciaban en feiras e mercados. Máis todo iso non era máis ca unha peza inseparable da economía campesiña, unha póla máis daquela cultura tradicional polo fío das feiras e mercados. Era unha economía de subsistencia. Había que dar paso a outras estruturas de organización e distribución que convertesen este labor nunha industria rendible, entre elas a supresión dos intermediarios que levaban as ganancias, chegando algúns a enriquecerse.


Un feito que fixo que a produción de encaixes en Galicia aumentase foron as guerras en que se viu inserida Europa, en concreto a Segunda Guerra Mundial, por mor de que Alemaña, Francia, Inglaterra e os Países Baixos, grandes produtores de encaixes, tiveron que por forza deixar esta actividade, polo que tiveron que recorrer aos encaixes galegos, que chegaron a ingresar medio millón de pesetas anuais. E aínda que a crise mundial dos anos vinte do século pasado afectou en gran maneira a este comercio, as exportacións a ultramar de encaixes nos peiraos da Coruña cara a Cuba e de Vigo cara á Arxentina mantivéronse grazas á profesionalidade das nosas palilleiras, que abrañaron ao mundo.



Situación actual deste oficio en Galicia

Na actualidade unha serie de medidas acadaron unha importante mellora para os encaixes galegos, entre elas a de darlle a coñecer este produto á xente á que lle era alleo, mediante exposicións en eventos de arte que teñen lugar ao longo da nosa terra. Unha das medidas máis salientables que favoreceron a este produto foi a promulgación da lei de encaixes, que supuxo unha serie de iniciativas que permitiron importantes avances neste tipo de artesanía, como a regulación de rexistros, obradoiros artesanais e certificado de calidade. Tamén a celebración da "Mostra de Encaixes" que ten lugar en Camariñas todos os anos dende 1990 co gallo de dar a coñecer o espallamento do encaixe e a realización de encontros con todo o relacionado con esta actividade. Por outra parte, a existencia das asociacións de palilleiras permite que acudan a diversos países para intercambiar técnicas para unha mellor venda do produto. Ademais estanse achegando a este oficio rapazas novas.

Algo importante que están a realizar os modistos é a incorporación dos encaixes aos seus deseños porque engaden riqueza e delicadeza. Opinan que ao situálo no seu preciso lugar dá o equilibrio perfecto que se procura nun vestido. Por outra banda, os encaixes teñen unha gran demanda tanto para enxovais domésticos (mantelerías, toallas, colchas, xogos de cama e enfeites de xoguetes) como para o enxoval de igrexa (albas, casulas, manteis de altares, así como panos de mesa). Importante tamén foi o incrementar o uso de patróns orixinais que existen para recoñecer o labor dos deseñadores e recoller a ampla variedade de técnicas que se esqueceron co eslimar do tempo. Por todo o exposto, este traballo que naceu en distintas localidades das nosas costas, grazas ás actividades das mulleres mentres os seus homes arriscaban a vida loitando contra as embravecidas augas do mar, deu lugar, ao ir dos anos, a unha importante fonte de ingresos para a economía do país.



Literatura popular

O oficio de palilleira, como tantos outros, ten unha gran riqueza de refráns que se transmitiron por tradición oral. No tocante ás cantigas, nas palilladas non só se traballaba senón que había momentos de lecer durante os que as palilleira batían as palmas de xeito acompasado, para que os mozos que acudían saísen a bailar. Así naceron moitas das cantigas que se escoitan hoxe en día.

Refráns, cantigas, adiviñas, ditos, lendas e contos

Refráns

- ↻ Con ilusión pican as palilleiras o cartón.
- ↻ Mellor ca un fillo cardeal é unha palilleira no lar.
- ↻ Ti palilleira, eu calafate e ningún diñeiro se nos escapa.
- ↻ Pouco se gaña a palillar, porén menos a folgazear.
- ↻ Nin a bo bebedor viño, nin a boa palilleira liño.
- ↻ Para troitas as do regueiro, para palillos os de amieiro.
- ↻ Palilleira sentada cara á fiestra pouco acada.
- ↻ Non quebra o bordado por delgado senón por estar mal palillado.
- ↻ En Ribadavia boa viña, e bo encaixe en Camariñas.
- ↻ Palilleira que moito fala pouco pano acada na tilla.
- ↻ Non pode haber un bo encaixe sen un picado ben preparado.
- ↻ Se casas cunha palilleira, procura quen che poña o pote na lareira.
- ↻ Unha boa almofada require un recheo de boa palla.
- ↻ Cando chegan á palillada, os mariñeiros de Xixón non paran de tocar o acordeón.
- ↻ Por mar chegou o encaixe a Fisterra e por terra a Compostela.
- ↻ Pica palilleira o cartón, porén que ninguén che pique o teu corazón.
- ↻ O palillar é un traballo caroyal de sona universal.
- ↻ As mulleres a palillar aumentan a economía familiar.
- ↻ As palilleiras de Corcubión acadan no seu palillar a perfección.
- ↻ O traballo de rendeira non o envexa a palilleira.
- ↻ Todas as neniñas palillan en Camariñas.
- ↻ Apurar e non falar require o palillar.
- ↻ Á luz do candil palillan en comuñón as palilleiras de Corcubión.

Cantigas



Palillos (Museo Liste)

- ↻ Ao pasar por Camariñas /
unhas nenas estaban no río a lavar /
e outras na casa a palillar.
- ↻ Eu nacín en Camariñas, /
unha vila mariñeira /
onde teño os meus amores /
cunha nena palilleira.
- ↻ O amor de palilleira /
non o queiras, meu irmán /
porque leva todo o día /
sempre sentada no chan.
- ↻ Palilleiras non as quero /
porque teñen as pernas delgadas /
de estar sempre sentadas.
- ↻ Palilleira que palillas /
no cordón da almofada, /
dime ti palilleira /
a quen tes palabra dada.
- ↻ Grazas a vós miña nai /
Grazas a vós miña nai /
por poñerme a palilleira; /
vén a chuvia e non me molla, /
vén o sol e non me queima.
- ↻ Palillar meus palillos /
se queredes palillar, /
que os rapaciños de agora /
nin ganan para fumar.
- ↻ Cando mirei para Camariñas /
recordei a súa ría /
e as palilleiras bonitas.
- ↻ Palilleira a miña avoa, /
palilleira a miña nai, /
palilleira eu son /
porque o palillar é a nosa ilusión.
- ↻ A Buenos Aires e tamén á Habana /
chegaron as cantigas dos mariñeiros /
e os encaixes das nosas palilleiras.

Adiviña

Déitome enriba de cama mol,
e aínda que músico non son,

guindo sempre o mesmo ton.

Ditos

↻ Os palillos para as palilleiras.

↻ Como un encaixe de bolillos.

↻ Non me toques os palillos.

↻ Cada palillo ten o seu ton.

↻ Sacar o debuxo.

↻ Quedar bordado.

↻ Dar a puntilla.

↻ Aínda che queda que palillar.

↻ Recibir máis punzadas ca unha bolsa
de alfinetes.

↻ Xa palillou o seu.

↻ Dar co fío.

Lenda

Ás costas galegas chegou, ao mecer, unha estraña muller que traía un saquiño cunhas sementes que lles amosou ás xentes do lugar dicíndolles:

–Sei da vosa triste situación: as mulleres traballades arreo no campo mentres os homes arriscan as súas vidas pescando no embravecido mar. Eu podo poñerlle remedio a esa situación.

Entón dille un dos homes:

–E que debemos de facer?

–Pois plantar nas leiras estas sementes que eu traio.

Aquelas sementes eran da planta do liño, e unha vez medrou ensinoulles todo o proceso para acadar os fíos para confeccionaren os encaixes. A muller acudía con puntualidade todos os días para dirixir os labores.

E xa cando aprenderan todo o necesario, dirixiuse a todos os da aldea e díxolles:

–Chegou o momento en que xa podeades valervos por vós mesmos, así que teño que irme.

Entón preguntoulle un:

–Cara onde irás?

–Pois cara ao mar, onde está o meu berce. Del saíron todas as cousas e a el volverán.

E dito isto, aquela misteriosa muller afastouse daquel lugar onde as xentes a lembrarían agradecidas por cambiar as súas vidas.



*Tipo de
palilleira*

Houbo un tempo en que Galicia estaba repartida entre grandes señores que gobernaban territorios de máis ou menos vagantío. Un destes señores tiña como servidor un home de gran ambición que, malia recibir favores do seu soberano, aínda desexaba máis, pero non sabía como acadalo. Non obstante, a ocasión presentóuselle cando no mercado escolcou un home que se semellaba ao seu amo coma dúas pingas de auga, entón dirixíndose a el díxolle:

–Eu podo librar-te de toda esta miseria. Só debes facer o que eu che diga.

Así, un día indo de cacería, mediante enganos desviaron o señor ata unha choupana onde o agardaba o mercador e trocaron as roupas. E así foi como se converteu en novo amo do territorio. O infiel servidor instruíra o falso amo de xeito que ninguén se decatase da falsidade, mesmo a súa muller.

E aínda que o verdadeiro señor recibira orde de que non volvесе polo castelo baixo ameaza de norte, pasado moito tempo acadou poder entrar como vendedor de encaixes. Presentoullos entón á soberana en presenza do seu falso home, quen curioso comezou a esculcalos e mesmo algún deles achegou ao seu nariz, pois gustáballe o seu recendo. Todo aquilo azorou a súa muller, pois sabía que o seu home era alérxico á planta de liño e naturalmente aos encaixes feitos con este material, polo que lle dixo:

–Como é posible que non espirres?

Entón díxolle o vendedor:

–Porque non é o voso home señora.

Deseguido achegou un dos panos ao nariz e comezou a espirrar de tal xeito que a muller tivo que retirarllo dicindo:

–A proba e suficiente.

E deste xeito descubriuse o engano. O señor mostrouse benévolo co infiel servidor e limitouse a desterrallo do territorio, volvendo grazas aos encaixes a felicidade ao país.

Punto básico


1.- Par enteiro



2.- Medio par



3.- Tecido



RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2018

TEMA: "A Malla"

SYNGENTA, continuando coa tradición deste "Almanaque" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre "A Malla".

O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia "CONCURSO" antes do 30 de setembro de 2018. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto. marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Historia da malla en Galicia.
 - Materiais e ferramentas para a malla.
 - Espazos usados na malla, descrición e localización na aldea.
 - Importancia económica dos cereais en Galicia.
 - Novos métodos de colleita en cereais.
 - Refráns, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta actividade.

Nota: no apartado gráfico valoraranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2018.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon⁺**
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.



As novas Castes de Vide

A variedade "Palomino"

1. Sinonimias

Xerez, Listán Blanco; Jerez, Albilla.

2. Localización

A principios do século XVI, Alonso de Herrera na súa *Agricultura General* cita a "Palomina", unha uva tinta semellante á Hebén branca, que coincide en varios aspectos coa Palomino que hoxe coñecemos. O nome tómao, moi probablemente, de Fernán Yáñez Palomino, un cabaieiro que acompañou a Alfonso X o Sabio durante a Reconquista e que aparece como un dos seus máximos propagadores no *Diccionario del vino de Jerez* de Julián Pemartín.

García de los Salmones (1914) cítaa como cultivada na localidade do Barco de Valdeorras na provincia de Ourense, baixo as denominacións de Palomino ou Xerez, e na provincia de Lugo baixo a denominación de Xerez.

É recoñecida como variedade autorizada nas DD.OO. Ribeiro e Valdeorras. Tamén está contemplada para a elaboración de viños na indicación xeográfica Viño da Terra Val do Miño, está amplamente distribuída por todas as zonas vitícolas galegas.

3. Características ampelográficas

Bacelo novo

O bacelo novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade baixa e sen pigmentación. A cara dorsal do entrenó e do nó é verde e vermella. As xemas presentan pigmentación antociánica que afecta case toda a bráctea e de intensidade débil.

Folla nova

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media, presenta tamaño grande e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade media de pelos tombados e baixa de pelos ergueitos entre os nervios principais do envés do limbo; perfil plano; limbo con avultamento e inchazón débil; dentes con mestura de lados convexos e rectilíneos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos lixeiramente superpostos e coa base en forma de chave; seos laterais superiores con lóbulos lixeiramente superpostos coa base en forma de chave; pecíolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.



Acio

O acio é cónico, longo, ancho, de compactidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma esférica.



4. Características agronómicas

Varietade de brotación e maduración media.

As cepas do palomino son de vigor medio e tendente cara á horizontalidade, de desborramento en media estación, fertilidade e produción elevadas.

É unha variedade moi resistente á seca e ás intensas calores estivais, ben adaptada, se o patrón é adecuado aos chans calcarios, nos que moi dificilmente mostra clorose.

5. Fitopatoloxía

É moi sensible aos ataques da couza do acio, resistente ao mildio, ao oídio e á podremia gris.



6. Cultivo

É sensible á rotura das videiras polo vento e é moi conveniente establecer as cepas en espaleira.

Existe un tipo peculiar de condución apoiada, que evidentemente evolucionou co tempo e se denomina poda "tipo Jerez", similar a un Guyot pero con certas peculiaridades. Adáptase ben a podas en cordón.

5. Características enolóxicas

Produce viños lixeiros, de gradación media e baixa acidez. Cor amarela moi pálida, moi neutro en nariz. Comunmente é utilizada como complementaria en viños plurivarietais.



¡boa UVA, bo VIÑO!

Que, ao final, o que
de verdade importa
é a calidade

 **Switch**[®]


syngenta.

Máis protección
Máis eficacia

O TEMPO






Este primeiro mes do ano presentarase con mañás de brétemas revoltas. Consonte se vaia desenvolvendo, predominarán as brisas frías que traerá

o vento nordés acompañado de chuvias importantes. Non obstante, o vento do sur, en certos días, dará lugar a unha temperatura morna, cousa que se agradecerá nesta época do ano. Porén, ao ir do mes, o carazo na terra e carambelos nos tellados non faltarán. Nos cumios dos montes asomará a neve, que refrescará o ambiente en por si frío, aínda que non faltarán solleiras para quentar o carrello contra a fin do mes.



*"En xaneiro cada ovella no seu rueiro"
"En xaneiro verán, nin palla nin gran"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2017)	12,8	5,0	9,3	16,4	142,5
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2017)	11,0	4,6	8,1	19,3	294,0
Lugo	Campus Lugo (2000-2017)	10,4	5,4	6,6	14,3	115,4
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2017)	13,1	7,2	10,5	15,6	118,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2017)	9,6	3,8	7,0	12,8	108,8
	Ourense-Ciencias (2005-2017)	12,4	4,6	7,4	12,6	105,8
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2017)	10,8	1,9	6,6	15,8	152,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2017)	13,3	7,7	10,8	14,8	182,8

1 L. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 M. Ss. Basilio; Gregorio.



Lúa Chea

3 M. S. Xenoveva.

4 X. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 V. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.

6 S. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 D. **Bautismo do Señor**
S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 L. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.



Cuarto Minguante

9 M. S. Lucrecia.

10 M. S. Gonzalo.

11 X. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 V. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 S. S. Hilario.

14 D. S. Félix.

15 L. Ss. Raquel; Amaro.

16 M. S. Marcelo.

17 M. Ss. Antón Abade; Guido.



Lúa Nova

18 X. Ss. Prisca - Priscila.

19 V. S. Mario.

20 S. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 D. S. Inés.

22 L. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 M. S. Virxinia.

24 M. S. Francisco de Sales.



Cuarto Crecente

25 X. S. Elvira.

26 V. Ss. Timoteo; Tito; Guímar; Ansurio; Viliúlfo.

27 S. Ss. Ánxela Merici.

28 D. **Domingo de Septuaxésima.**
S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.

29 L. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 M. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 M. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.



Lúa Chea

Febreiro

O TEMPO






Buzarróns cangados de golfor do Atlántico deixarán chuvas moi importantes, ben recibidas ante a

posibilidade de seca nos meses de abril e maio. No entanto, non terán continuidade para que poida haber bufaradas dun sol velaíño, que non será quen para derreter as folerpas de neve que nalgúns días aparecerá con forza enchendo os camiños e os cumios dos orois. A mediados de mes pode haber treboadas con sarabiadas e volverán as nevadas de carácter forte. En fin, haberá de todo durante este mes sempre aloucado.



"Cando febreiro non febreirea, marzo marcea"
"Cando chove en febreiro, non hai bo prado nin bo centeo"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2017)	13,8	3,9	8,7	11,5	112,4
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2017)	12,7	4,1	7,5	12,7	209,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2017)	12,0	4,7	6,4	12,2	98,6
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2017)	13,3	6,4	9,8	12,5	98,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2017)	11,6	3,7	7,2	10,2	93,5
	Ourense-Ciencias (2005-2017)	13,7	4,3	9,1	10,8	87,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2017)	12,1	1,0	6,2	10,9	128,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2017)	14,1	7,3	10,6	12,3	119,8

-
- 1 X.** S. Severiano.
-
- 2 V.** S. Candeloria. Presentación do Señor.
-
- 3 S.** Ss. Brais; Óscar; Francisco Blanco. **1807.** *Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.*
-
- 4 D.** S. Xilberte. **1135.** *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).* **1864.** *Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.* **1893.** *Morre en Vigo Concepción Arenal.*
-
- 5 L.** S. Ádega.
-
- 6 M.** Ss. Doris; Paulo Miki.
-
- 7 M.** S. Gastón.
 **1876.** *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*
-
- 8 X.** Ss. Xerome Emiliano; Xacoba. **1835.** *Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.*
-
- 9 V.** S. Rebeca.
-
- 10 S.** S. Escolástica. **1810.** *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.* **1890.** *Naufrexio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*
-
- 11 D.** Nosa Señora de Lurdes. **1885.** *Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.*
-
- 12 L.** S. Pamela.
-
- 13 M.** **Martes de Entroido.**
S. Beatriz.
-
- 14 M.** **Mércores de Cinza.**
Ss. Cirilo; Valentín.
-

-
- 15 X.** Ss. Fausto; Xurxa.
 **1765.** *Sae á rúa o xornal La Región.* **1944.** *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*
-
- 16 V.** S. Samuel.
-
- 17 S.** S. Aleixo.
-
- 18 D.** S. Bernarda.
-
- 19 L.** S. Álvaro. **1949.** *Fundación de Cerámicas do Castro.*
-
- 20 M.** S. Clodio.
-
- 21 M.** S. Severino. **1900.** *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*
-
- 22 X.** Ss. Eleonora, Nora.
-
- 23 V.** S. Florencio.
 **1908.** *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*
-
- 24 S.** Ss. Rubén; Serxio. **1837.** *Nace en Santiago Rosalía De Castro.* **1985.** *Comeza a emitir a Radio Galega.*
-
- 25 D.** Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio. **1861.** *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*
-
- 26 L.** S. Augusto.
-
- 27 M.** S. Leandro.
-
- 28 M.** S. Román. **1981.** *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.*
-

Marzo






O TEMPO

O ceo aparecerá case cuberto por mor das nubes estancadas que aparecerán por poñente orixinando chuva con pingas grosas. O vento en determinados días soprará con refachos fríos e violentos. Este mes de sempre se presenta desigual, polo que non se desbota algunha treboada, tipo verán, e mesmo sara biadas. O sol nalgúns días lucirá xirifeiro malia que quentará moi pouco. Nos amenceres haberá xeadas e a neve continuará nos cumios.



"Poda en marzo, vendima no regazo"
"Marzo chegar, tempo de enxertar"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2017)	15,8	5,4	10,9	12,4	126,9
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2017)	15,1	5,5	9,5	13,3	210,4
Lugo	Campus Lugo (2000-2017)	14,6	6,1	9,3	12,7	90,9
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2017)	14,6	7,7	11,4	13,4	88,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2017)	14,3	5,0	9,7	8,7	58,1
	Ourense-Ciencias (2005-2017)	18,1	6,1	10,8	8,7	61,9
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2017)	14,6	2,3	8,7	10,2	107,7
	Corón-V. de Arousa (2002-2017)	15,4	8,8	12,5	11,3	119,4

1 X. S. Rosendo.
1493. *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*

2 V. S. Lucio.
1886. *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

3 S. S. Celidonio.

4 D. Ss. Ariel; Capitón.
1889. *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*
1936. *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

5L. S. Olivia.
1888. *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

6 M. S. Elcira.
1856. *Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.*

7 M. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. *Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.*
1909. *Nace en Santiago Xosé M^a Castroviejo.*

8 X. S. Xoán de Deus.
1917. *Morre na Coruña Eduardo Pondal.*

9 V. S. Francisca Romana.
1695. *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*

10 S. S. Macario.
1944. *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao.*
1965. *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

11 D. S. Eulolio.

12 L. S. Norma.

DEPOIS DA UVA "GRAN DE ERVELLA" son axeitados os tratamentos con produtos equilibrados en Cobre. ZZ COBRE SÚPER PLUS está especialmente indicado nos viñedos de Galicia pola súa acción funxida triple e polo seu contido en Magnesio, do que teñen carencia case que todos os nosos viñedos.



ÓS TRATAMENTOS CON ZZ COBRE SÚPER PLUS debe mesturárselle TOPAS, DYNALI ou THIOVIT JET para combater ó mesmo tempo "Mildeu" e "Oídio".



NON ESFOLLES A VIÑA MOI CEDO nin máis da conta: esfoliar moi cedo coas uvas medrando pode facer que o sol lles produza danos; quitarlle moitas follas adultas pode mermar a formación de azucres na uva.



NON VENDIMES UVA MOLLADA e quíttalle o "Podre" se o ten.

* Produto en fase de rexistro



Carial[®] Flex

O funxicida mais versátil



Carial[®] Top

O funxicida que vale por dous



Ridomil[®] Gold

MZ Pepite

A tecnoloxía que marca a diferenza



syngenta[®]

A combinación perfecta para
o tratamento antimildeu das patacas

Tratamentos

Das Froiteiras de Carabuña

(Pavieiras, melocotoeiros, ameixeiras e outros)

Por cada 100 litros de auga

TRATAMENTO INVERNO

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)

LEPRA-CRIBADO

SCORE (30 ml/hl)

OÍDIO

TOPAS 200 (20 ml/hl)

ou SCORE (30 ml/hl)



MONILIA

SWITCH (100 ml/hl)

PULGÓNS

ACTARA (10 g/hl)

EVURE (25-50 ml/hl)



ÁCAROS

VERTIMEC (75 ml/hl)

OUTROS INSECTOS

(Anarria, mosca da froita, cirugas minadoras, carpocapsa, pulgóns, etc.):

KARATE ZEON + (65-130 ml/hl)

FERTILIZACIÓN FOLIAR

ISABIÓN (300 cc/hl)

ABOFOL (100 g/hl)

CLOROSE FÉRRICA

SEQUESTRENE G-100 (50-100 g/árbore)

Tratamentos a fazer

Por cada 100 litros de água

TRATAMENTO INVERNO

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)



MOTEADO

SCORE (15 ml/hl)

OÍDIO E FUNGOS

TOPAS 200 (20 ml/hl)



PULGÕES

ACTARA (Maceira 20 g/hl)

EVURE (25-50 ml/hl)

VERMES OU CARDOCAPSA

KARATE ZEON + (65-130 ml/hl)



PSILA OU MIELETA

VERTIMEC (80-100 ml/hl)

EVURE (25-50 ml/hl)

nas Maceiras e Pereiras

Por cada 100 litros de auga

ÁCAROS

VERTIMEC (80-100 ml/hl)



OUTROS INSECTOS

(minadores, tigre da pereira, piolho de San José, etc.):

KARATE ZEON + (65-130 ml/hl)

ou

INSEGAR (60 g/hl)



FERTILIZADOR FOLIAR

ISABIÓN (300 cc/hl)

ABOFOL (150 g/hl)

CLOROSE FÉRRICA

SEQUESTRENE G-100

(50-100 g/árbore) conforme porte.



Tratamentos de Invernadoiros e hortas



PROBLEMAS	TRATAMENTOS
VERMES da terra	FORCE 1,5 g (5 kg/ha); mesturado coa terra.
MILDEU (Tomates e outros)	CARIAL TOP (60-300 ml/hl) ou FOLIO GOLD SC (200-250 ml/hl) ou ORTIVA (80ml/hl) ou ZZ-COBRE SÚPER PLUS (400 g/hl). ZZ-CUPROCOL, cando os froitos estean xa a madurar (150-200 ml/hl).
BOTRITE (Calquera cultivo)	SWITCH (morango, tomate, berenxena, leituga e xudía verde) 100 g/hl.
PULGÓNS (Calquera cultivo)	EVURE (25-50 ml/hl) ou ACTARA (20 g/hl).
MOSCA BRANCA	ACTARA (20-30 g/hl) ou EVURE (25-50 ml/hl).

PROBLEMAS	TRATAMENTOS
HERBAS	REGLONE, dirixindo a pulverización entre os corredores e as plantas (600 ml/hl).
CULTIVOS CATIVOS	ISABIÓN (250 ml/hl) aplicar varias mans. Pode mesturarse cos funxicidas.
FUNGOS, en Caraveis, Rosas e outros cultivos	SCORE (30-50 ml/hl).
OÍDIO	THIOVIT-JET (400-600 g/hl) ou ATEMI 10 (20 g/hl) ou TOPAS 200 (20 ml/hl).
VERMES que comen froitos, flores, follas ou talos	KARATE ZEON + (65-130 ml/hl) ou AFFIRM (150 g/hl) ou COSTAR (30-50 g/hl) ou EVURE (25-50 ml/hl).
ARAÑA VERMELLA	VERTIMEC (50-100 ml/hl).

NOTA: non mesturar Isabión con Cobre Súper Plus nin ZZ-Cuprocol.



Tratamentos



Sementeira



Xerminación



Desenvolvimento das follas



Formación de brotes laterais




Crecemento lonxitudinal (brotes principais)

Pragas	Sementeira	Xerminación	Desenvolvimento das follas	Formación de brotes laterais	Crecemento lonxitudinal (brotes principais)
Mildeu (Mera)			Ridomil Gold MZ Pepite (200 g/hl ou 2,5 kg/ha)		
			Carial Flex (60 g/hl ou 0,6 kg/ha)		
			Cobre Súper Plus (400 g/hl)		
Ternaria					
Insecto do chan	Force 1,5 G (3-5 kg/ha)				
Eirugas	Karate Zeon + (65-130 ml/hl)				
Escaravello	Cruiser 350 FS (21,4 ml/100 kg pataca)			Actara 25 WG (100 g/ha)	
Pulgón	Cruiser 350 FS (21,4 ml/100 kg pataca)			Actara 25 WG (100 g/ha) ou Euvre (25-50 ml/hl)	
Malas herbas	Dual Gold (0,5-1,5 l/ha) Auros (4 l/ha) Touchdown Premium (3-6 l/ha)				
Desecantes					
Fertilizantes			Abofol (100 g/hl)		
Bioestimulantes					

Tratamentos do millo e outros cereais

Millo



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	Lumax (4 l/ha)	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes da nacemento do millo.
	Camix (3,75 l/ha)	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes o pouco despois da nacemento do millo. Aplicar ata 4-8 follas do millo.
	Primextra Líquido Gold (4 l/ha)	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes da nacemento do millo.
	Callisto (0,75-1,5 l/ha)	Aplicase 1,5 l/ha para control da xuncia. Controla ademais as herbas de folla ancha e dixitaria (pata de galiña).
	Elumis (1-2 l/ha)	Aplicar para controlar herbas gramíneas e folla ancha despois de nacidas. Aplicar con o millo 3-8 follas.
	Casper (400 g/ha)	Aplicar para controlar herbas de folla ancha despois de nacidas. Aplicar con o millo 3-8 follas.
Pulgóns e eirugas	Karate Zeon + (0,065 - 0,130 l/ha)	Aplicar ó inicio do ataque.
	Ampligo 150 ZC (0,3 l/ha)	Aplicar ó inicio do ataque.
Insectos chan (verme arame, vermes brancos, etc).	Force 1,5 G (3-5 kg/ha)	Aplicar localizado na liña de sementeira.


Cereais de inverno (Trigo e Cebada)



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	Auros Plus (3,5 l/ha + 40 g/ha)	Controla xoio e herbas folla ancha. Aplicar desde a sementeira ata herbas en 2 follas.
	Topik Evo (250 ml/ha - 150 g/ha). Aplicar non máis de 300-400 l agua.	Controla aveia e xoio nacidos en trigo en herbas de folla ancha. Aplicar en pleno afillamento.
	Axial Pro (0,75-0,9 l/ha). Aplicar con non máis de 300-400 l agua.	Para controlar aveia e xoio en trigo e cebada, cando están nacidas. Aplicar pleno afillamento.
	Serrate (250 g/ha).	Só en Trigo, centeo e triticale. Controla bromo, xoio, aveia e outras herbas de folla ancha.
Tratamentos funxicidas en vexetación.	Amistar Pack (Consultar dose)	Aplicar a partir da folla bandeira.



O Parque Natural Das Fragas do Eume



A Fragas do Eume, que se estenden por un abrupto val de profundas gargantas, presumen de ser o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Foi declarado Parque Natural, o quinto de Galicia, o 12 de agosto de 1997, e con 9.125 hectáreas é o segundo en extensión na nosa comunidade.

Río Eume a través das fragas

Descrición



Encaixadas no canón do río Eume, as Fragas do Eume constitúen un dos tesouros botánicos de Galicia e da península ibérica, xa que alberga algunhas especies de feitos case exclusivas, sobreviventes dos que dominaban hai millóns de anos o clima mediterráneo e que unicamente se poden atopar en moi contados enclaves da nosa xeografía. Trátase dun bosque mesturado de carballos, castiñeiros,

abeleiras, freixos, bidueiros, érbedos... onde as ramas dificultan o paso da luz e do vento e manteñen así unha humidade e unha temperatura case constante no chan, creando as condicións idóneas para a presenza de multitude de pequenos invertebrados de enorme valor ecolóxico.

O paso do ser humano polo bosque de frondosas ao longo da historia evidénciase nos restos que están repartidos polo parque: varios túmulos e castros, os mosteiros de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, ou a Torre dos Andrade.

Clima, relevo e solos

O discorrer do Eume en dirección xeral leste-oeste formou un val en "V", especialmente non seu tramo inferior, que propicia unhas ladeiras bastante abruptas con desniveis de ata 400 m. As alturas do parque varían desde practicamente o nivel do mar (ás portas do parque o río atópase afectado pola marea) ata os 710 m nos cumios orientais que limitan administrativamente o parque -e a provincia coruñesa- coa provincia de Lugo.

Ao longo do percorrido, o río Eume vai atravesando distintos materiais xeolóxicos: unha ampla banda de granitos no tramo inferior, máis cara ao leste unha banda de ortogneis e logo unha zona de xistos do período Cámbrico. Intercalados nestes, atópanse outros materiais como cuarcita, pedra de gra, filitas e mesmo o chamado "ollo de sapo". Á parte do tipo de material xeolóxico, un elemento que condiciona moito a formación dos solos é a forte pendente das ladeiras. Isto produce un permanente factor de inestabilidade, máis marcado nas zonas de xistos ca nas graníticas.

Con todo iso, podemos falar de extensións importantes con solos profundos e húmidos grazas á abundante cobertura boscosa que se mantivo secularmente.



*O conxunto de maior
interese neste parque
son os feitos*

As condicións climáticas que afectan ao parque pódense resumir no pouco contraste entre as temperaturas extremas: nin o verán é demasiado cálido nin o inverno é demasiado frío. Isto, combinado coa ausencia de xeadas, propicia unhas condicións especialmente favorables para algunhas especies vexetais nos sectores do tramo inferior do val do Eume.

En canto á pluviosidade, pódense ofrecer valores concretos de rexistros de precipitación que van desde os 1.200 l/m²/ano na ría de Pontedeume ata os máis de 1.700 l/m²/ano que se poden recoller nas partes central e oriental do val eumés.

Vexetación

O termo xenérico de “fragas” refírese tanto aos **bosques** mixtos de carballos como aos diferentes sistemas forestais de ameneiros, salgueiros e freixos que poboan as marxes dos ríos. En total máis de 3.500 ha. Unha cobertura similar teñen as áreas de matogueiras e pasteiro. A existencia de certas peculiaridades e rarezas da flora valéronlle a estas fragas fama botánica internacional. O carballo é a especie dominante nas Fragas do Eume. Convive con abeleiras, freixos, pradairos, estripeiros e, en zonas baixas e abrigadas, loureiros e érbedos.

Outras especies presentes nestes bosques, algunhas delas pouco frecuentes na Galicia costeira, son o acivro, o carballo negral ou rebolo, o olmo de montaña (aquí chamado lamigueiro), a cerdeira brava, a pereira silvestre e a maceira brava.



Localmente son abundantes, e mesmo dominantes, o castiñeiro e o bidueiro, este último especialmente numeroso no contorno do encoro.

Os bosques de ribeira flanquean unha gran parte dos leitos fluviais e, pola súa extensión, naturalidade e estado de conservación, constitúen unha das mellores mostras deste tipo de formacións forestais en Galicia. Abundan os ameneiros, cos que se mesturan salgueiros, freixos, abeleiras e pradairos, entre outros.

O catálogo provisional de **fungos** é moi extenso, con 163 especies, moitas delas raras en Galicia. Os que máis chaman a atención nas Fragas son os que se alimentan da madeira. Outros instálanse directamente no solo ou en gretas. Case a metade dos musgos galegos están presentes na zona, xa que atopamos máis de 220 especies. A flora de liques é igualmente excepcional, e foron catalogadas 243 especies, das cales 24 son raras ou descoñecidas no resto de España e 3 son novas para Europa.

Pero, centrándonos nas plantas vasculares, o conxunto de maior interese neste parque son os **feitos**. O catálogo dos feitos coñecidos neste parque acada as 28 especies, entre as que destaca o grupo coñecido como os relictos macaronésicos: son un colectivo florístico representante dunha flora subtropical que debeu cubrir tamén Galicia durante o período Terciario (hai 65 millóns de anos), cunhas condicións climáticas máis cálidas e húmidas ca as actuais, pero que foi varrida polas glaciacións posteriores. Desta flora, acorde con aquelas condicións, soamente quedaron unhas poucas especies como "reliquias" ou "relictos" que chegaron ata os nosos días refuxiándose nos bosques húmidos e térmicos das illas macaronésicas (Os Azores, Madeira, As Canarias) e en moi contados puntos da península ibérica: a serra gaditana de Alxeciras e diversas manchas de bosque en baixas altitudes ao longo da cornixa cantábrica.

Deste grupo de feitos relictos adoitan destacarse tres especies (*Culcita macrocarpa*, *Vandenboschia speciosa* e *Woodwardia radicans*), porque son os únicos pteridófitos galegos incluídos no Anexo II da Directiva de hábitats.





Fauna

Un dos principais valores deste espazo natural é a herpetofauna, integrada por 13 especies de anfibios e 10 de réptiles. Nesta zona atopamos ata 10 taxons con distinto grao de endemia. As Fragas acollen unha importantísima poboación da píntega rabilonga. Tamén se atopan o limpafontes ou tritón ibérico e a ra patilonga, ambos os dous tamén endémicos da Península, que coinciden con elementos eurosiberianos como a ra vermella.

Entre os **réptiles**, ademais do lagarto das silveiras, endémico pero abundante, é especialmente destacable, a baixa altitude, o núcleo da lagarta da serra.

Entre as **aves**, con máis de 100 especies coñecidas, destaca a existencia dunha considerable variedade de aves rapaces que aniñan, incluíndo entre outras: miñato abelleiro, azor, gabián, aguia albela, rapina cinsenta e falcón peregrino. Case todas as especies de rapaces nocturnas foron detectadas no ámbito das Fragas do Eume, e destaca a presenza de bufo real e a elevada densidade que presenta a avelaiona.

Ademais dos falcóns e bufos, a andoriña dos penedos, a andoriña dáurica (rara na Galicia costeira) e o corvo grande son as especies máis características dos rochedos.

O merlo rieiro, a lavandeira real e o picapeixe caracterizan a avifauna propia dos leitos fluviais.

Os bosques, campiñas e matogueiras albergan unha gran variedade de aves terrestres. Destacan pola súa abundancia os ferreiriños, as estreliñas riscadas e o cardeal, entre outras moitas.

Pola súa riqueza (polo menos 40 especies) e pola existencia de diversas especies infrecuentes e de distribución moi localizada, as Fragas do Eume son o emprazamento máis notable para a fauna de **mamíferos** na Galicia baixa. Entre as especies propias de áreas de montaña destacan a marta e a musaraña de auga. Esta última, xuntamente coa lontra, incluída na Directiva de hábitats e con boas poboacións na zona, están vinculadas aos numerosos cursos de auga. Outros carnívoros de grande interese citados na zona son o gato bravo, o tourón e a garduña. O lobo mostra unha presenza regular nas zonas altas.

Tras décadas de case desaparición, o corzo e o xabaril están hoxe en día ben representados, así como a lebre nas áreas altas de matogueira. O cervo, procedente de escapes de cativeiro, xa chegou a reproducirse dentro do espazo natural.

A existencia de múltiples refuxios permite supoñer a existencia dunha rica comunidade de morcegos, composta por 15 especies. Unha das poucas citas do raro morcego rateiro de bigotes foi obtida neste espazo natural.

Mosteiro de San Xoán de Caaveiro



Mámoas e castros testemuñan a presenza humana desde tempos prehistóricos na comarca do Eume, non tanto nas Fragas, que polas súas características orográficas non facilitaron o asentamento humano, como no contorno do Parque Natural, onde o relevo descende suavemente ata o mar. O fenómeno megalítico (do s. IV a. C. á Idade do Ferro) está sobradamente representado na zona, con lugares como Cabanas, nos que se concentran ata 29 mámoas.

No contorno das Fragas aparecen un bo número de castros, e foron achados os torques de Centroña (Castrelo) e San Martiño do Porto (castro das Modias).

O conxunto monástico de **San Xoán de Caaveiro** foi enclavado no corazón das Fragas, nun promontorio sobre o río Eume no ano 934. Aquí habitou primeiro unha comunidade de monxes bieitos, e deu paso despois aos cóengos regulares de santo Agostiño. O mosteiro nunca chegou a ter máis de nove residentes ao tempo.

A ábsida da igrexa é románica do s. XII, único resto da construción orixinal e mostra dos santuarios rurais galegos construídos baixo a influencia do románico compostelán. Como exemplo do barroco compostelán destaca a Torre das Campás, do s. XVIII. Completan o conxunto a sancristía e dependencias tales como a casa dos cóengos e as cociñas do mosteiro.

Fóra dos lindes do Parque Natural atópase o **Mosteiro de Monfero**. Antigo mosteiro medieval, foi grandiosamente renovado entre os séculos XVI e XVIII para convertelo nunha xoia do barroco rural galego. Chegou a ser un dos mosteiros máis prósperos de toda Galicia. Fundado en época altomedieval, experimentou unha primeira reconstrución no século XII, aínda que da igrexa románica de entón apenas se conserva nada.

Consta dunha única nave con bóveda de casetóns e cúpula no cruceiro sobre oito pilastras. O que sorprende é a súa grandiosa portada barroca, disposta mediante catro columnas de estilo colosal e decoración por medio dun axadrezado de cuarzos e lousas.

No seu interior, cabe mencionar tamén a decoración da capela da Virxe da Cela e varios sepulcros do século XV. Dos dous claustros do conxunto monacal (séculos XVI-XVIII), sobresaie o que foi deseñado por Juan de Herrera.

Tamén fóra dos lindes do Parque Natural, a **Torre dos Andrade**, en Pontedeume, é o que se conserva na actualidade do pazo que os Andrade tiñan na vila de Pontedeume e que foi demolido no ano 1935, a pesar de ter sido declarado Monumento Histórico-Artístico con anterioridade. A torre é obra do século XIV e foi mandada facer por Fernán Pérez de Andrade “o Bo”. A torre é un dos mellores exemplos de arquitectura militar medieval en Galicia, pero o que destaca especialmente é o escudo na súa fachada, procedente do desaparecido pazo dos Andrade.

Patrimonio inmaterial: *O soutelo e as curripas*

Froito do aproveitamento dos recursos naturais das Fragas do Eume xerouse un rico patrimonio cultural inmaterial. Ata principios do s. XX, nos meses de outubro e novembro, os veciños “facían o soutelo”, que consistía en ir recoller as castañas aos seus soutos para despois gardalas nas “curripas” uns 15 días ata que lles caía o ourizo. As castañas secadas nos caínzos das lareiras aguantaban ata abril-maio. Varias destas “curripas” ou ouriceiras, de pedra, encravadas no chan e de feitura circular, aínda poden verse polas Fragas. Algunha, preto do Centro de Interpretación.

Outros costumes xa perdidos eran a extracción da casca dos carballos para a fábrica de curtidos de Pontedeume ou a elaboración de carbón con madeira de toxo.

As lendas máis populares vinculadas ás Fragas do Eume son as do anel de san Rosendo e a do nacemento do río Eume. No libro *De lenda en lenda*, de Esperanza de San Miguel e Andrés Gómez Collado, recóllense outras moitas vinculadas a este espazo natural.

Como chegar?

O Parque Natural das Fragas do Eume está situado ao nordeste da provincia da Coruña, entre a ría de Ares-Betanzos e a Serra da Loba. Todo o seu territorio encádrase na comarca do Eume, abarcando os concellos de Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero e Pontedeume. Desde a cidade da Coruña, chégase en pouco máis de media hora en coche.

O Parque ten catro portais de acceso:

1. Por Caaveiro. Pola estrada DP-6902 hai que dirixirse a Pontedeume ata o río Eume e, a continuación, pola vía de servizo chégase ata o Mosteiro de Caaveiro.
2. Pola Capela. Desde As Neves, pola estrada AC-564, ata o municipio da Capela. Desde o lugar das Neves, chegamos á central térmica de Ventureira.
3. Por Cabanas. Seguindo a estrada AC-564 en dirección ás Pontes, no lugar de Goente, discorre a estrada local ata o encoro do Eume.
4. Por Monfero. Chégase ao Mosteiro de Monfero, desde Pontedeume, primeiro pola estrada AC-144 ata o lugar de Ponte da Pedra. A través da estrada AC-151 chegamos ao lugar das Travesas (Monfero), de onde parte a estrada DP-5003. Tamén se pode acceder desde o municipio de Irixoa, a través da estrada AC-152 ata o lugar das Travesas, e de alí, percorrendo a DP-5003.



f Feiras gastronómicas de toda Galicia

A CORUÑA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Xaneiro	Ferrol	Día do Arroz con Leite
Febreiro	Moeche	Feira do Mel de Moeche
Domingo de Entroido	As Pontes	Feira do Grelo
Domingo de Entroido	Lestedo (Boqueixón)	Festa da Filloa
Sab. sig. ao Martes de Entroido	Bergondo	Festa da Orella
Marzo	Ribadumia	Festa da Augardente do Ulla
Marzo	Santiago de Compostela	Festa da Uña
Marzo	Vedra	Festa da Orella
1º domingo de Marzo	Arzúa	Feira do Queixo de Arzúa
7 ao 10 de Marzo	Ferrol	Fevino
Finais de Marzo	Cee	Festa do Cocido de Cee
Finais de Marzo	Muxía	Festa do Longueirón
Domingo seguinte á Pascua	Betanzos	Feira Exaltación do Viño do Ulla
Domingo seguinte á Pascua	Sarandón (Vedra)	Festa do Viño da Ulla
Xoves Santo	Camariñas	Festa do Polbo
Venres Santo	Camariñas	Festa do Rodaballo
Sábado Santo	Camariñas	Festa do Mexillón
Sábado Santo	Carnota	Festa da Centola
Sábado Santo	Padrón	Festa da Empanada de Lamprea
Venres Santo	Muxía	Festa do Congro de Muxía
2º quincena de Abril	Betanzos	Festa do Viño de Betanzos
Último sábado de Abril	Ordes	Feira do Champiñón
Maio	Carballo	Festa do Pan
Maio	Curtis	Feira Exaltación do Melindre
Maio	Padrón	Festa da Tortilla Xigante
Maio	Teo	Festa da Cacheira
1º domingo de Maio	Teo	Exaltación da Lamprea do Ulla
1º domingo de Maio	Teo	Festa da Carne ao Caldeiro
9 de Maio	Oroso	Festa da Troita
Venres ant. ao últi. dom. de Maio	Teixeiro (Curtis)	Feira Exaltación do Melindre
S. Xoán	Dodro	Festa do Carneiro
S. Xoán	Tallós (Dodro)	Degustación de Cordeiro Estufado

A CORUÑA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Últ. fin de semana de S. Xoán	Melide	Carne Estufada
Santiago	A Brea (Carballo)	Festa do Pan da Brea
Santiago	Brión	Festa da Froita
Santiago	Corme (Ponteceso)	Festa do Percebe de Roncudo
Santiago	Malpica	Festa da Tortilla
18 de Santiago	Mugardos	Festa do Polbo
25 de Santiago	Rianxo	Festa de Xouba
Últ. fin de semana de Santiago	Melide	Festa do Melindre
Últ. fin de semana de Santiago	Santiago de Compostela	Festa da Sidra
Últ. sábado de Santiago	Mugardos	Festa da Ameixa
31 Santiago - 1 Agosto	Cedeira	Festa do Percebe
Agosto	A Coruña	Feira do Viño Galego
Agosto	Cee	Festa do Berberecho
Agosto	Corcubión	Festa da Ameixa
Agosto	Fisterra	Festa do Longueirón
Agosto	Meá (Mugardos)	Festa da Ameixa
Agosto	Padrón	Festa do Pemento de Herbón
Agosto	Porto do Son	Festa do Polbo de Porto do Son
1º domingo de Agosto	Zas	Festa da Troita
17 de Agosto	Sada	Sardiñada
Última fin de sema. de Agosto	Narón	Oenach Céltico
Último domingo de Agosto	Noia	Festa da Empanada
1º domingo de Setembro	Lariño (Carnota)	Día do Porquiño
1º domingo de Setembro	Neda	Festa do Pan
1º domingo de Setembro	Pontedeume	Festa das Peras
15 de Setembro	Coristanco	Festa da Pataca
Outubro	A Barqueira (Cerdido)	Feira Monográfica do Mel
Outubro	Ponteceso	Festa da Faba
4º domingo de Outubro	Moeche	Festa da Faba
Novembro	As Pontes	Feira dos Fungos e Cogomelos
Novembro (San Martiño)	Ortigueira	Feira do Mel
30 de Novembro	Ortigueira	Festa do Bonito
6 - 8 Decembro	Mañón	Festa do Marisco
Último domingo de cada mes	Melide	Feira do Queixo da Montaña de Melide

LUGO

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
23-24 de Xaneiro	Foz	Festa do Berberecho
Febreiro	A Fonsagrada	Feira do Butelo
Febreiro	Monforte de Lemos	Romaría das Roscas

LUGO

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Domingo de Entroido	Navia de Suarna	Feira das Androllas
Domingo de Entroido	Taboada	Festa do Caldo de Osos
Marzo	Chantada	Feira do viño de Chantada
Marzo	Friol	Feira do queixo e pan de Ousá
Marzo	Pobra do Brollón	Feira do Viño de Vilachá
Sábado e Domingo de Ramos	Sober	Feira do Viño de Amandi-Sober
Domingo de Pascua	Portomarín	Día da Augardente de Portomarín
Domingo de Pascua	Quiroga	Feira do Viño de Quiroga
Abril	Monterroso	Queixo de denom. de Orixe Arzúa-Ulloa
Abril	Vilalba	Festa do Queixo San Simón
Abril (Domingo de Ramos)	Pedrafita do Cebreiro	Feira do Queixo do Cebreiro
20 de Abril	Xove	Festa do Polbo á pedra
Maio	Mondoñedo	As Quendas
Maio	O Courel	Xornada gastronómica do Cocido
Maio	Pobra do Brollón	Cata do Viño
1 de Maio	A Pontenova	Festa da Troita
1 de Maio	Cospeito	Festa da Filloa
S. Xoán	Monforte de Lemos	Mostra de viños da Ribeira Sacra
S. Xoán	Monterroso, Palas de Rei, Antas de Ulla	Feira do Queixo da comarca da Ulloa
S. Xoán	Pantón	Feira do Viño de Pantón
S. Xoán	Ribas de Sil	Festa da Cereixa e do Aceite
Santiago	Mondoñedo	Festa da Ensalada
Santiago	Viveiro	Festa da Pescada
1º Domingo de Santiago	Parga (Guitiriz)	Festa dos Callos
Último sábado de Santiago	Ribadeo	Festa do Polbo
Agosto	A Chousa de Merlán (Chantada)	Festa da Empanada
Agosto	Chantada	Festa da Empanada
Agosto	Folgosos do Courel	Festa da Empanada de Acelga
Agosto	Grolos (Guntín)	Festa do Pemento
Agosto	O Chanto (Sarria)	Festa da Empanada
Agosto	Sarria	Festa da Tortilla
Agosto	Sarria	Festa do Lacón
Agosto	Sober	Feira da Rosca
Principios de Agosto	Burela	Festa do Bonito
Primeiros de Agosto	Quiroga	Mostra do Mel
4º domingo de Agosto	Viveiro	Romaría do Naseiro

LUGO

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
1ª fin de semana de Setembro	Chantada	Degustación de carne de touro á pedra
1º domingo de Outubro	Vilanova de Lourenzá	Festa da Faba
2ª fin de semana de Outubro	Ferreira-O Valadouro	Feira do Mel
Outubro (San Lucas)	Mondoñedo	Feira do Mel de Mondoñedo
3º sábado de Outubro	Taboada	Festa do Viño Novo
Novembro	Cospeito	Feira do porco da ceba
Novembro	O Vicedo	Festa da Coquina
Fin de semana ant. a Noiteboa	Vilalba	Feira do Capón

OURENSE

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Xaneiro	Ábedes (Verín)	Festa do Chourizo
Xaneiro	O Barco de Valdeorras	Festa do Butelo
1ª fin de semana de Febreiro	Pobra de Trives	Festa do Chourizo de Vilanova
Domingo de Entroido	Vilariño de Conso	Festa do Cabrito
Abril	Ribadavia	Feira Exposición do Viño do Ribeiro
Maio	Ribadavia	Feira do Viño do Ribeiro
Domingo próx. ao 14 de Maio	Amoeiro	Festa do Porco
Santiago	Ourense	Festa da Pasta Fresca
Día 6 de Santiago	San Cristovo de Cea	Festa do Pan de Cea
Último domingo de Santiago	Pobra de Trives	Festa da Bica
Agosto	A Rúa	Festa do Viño
Agosto	Oímbra	Festa do Pemento de Oímbra
2-6 Agosto	Castelo de Miño	Festa da Anguía
Primeira semana de Agosto	Arnoia	Festa do Pemento de Arnoia
7-8 Agosto	Muiños	Festa das Sopas de Burro Canso
2º domingo de Agosto	O Carballiño	Festa do Polbo do Carballiño
17-18 Agosto	Allariz	Festa da Empanada de Allariz
22 de Agosto	Lobios	Festa dos Callos Limiaos
Último domingo de Agosto	Leiro	Festa da Vendimia
Setembro	Allariz	Feira do Doce, Armendoado e Melindre
Setembro	O Barco de Valdeorras	Festa do Viño de Valdeorras
2º domingo de Outubro	Vilar de Barrio	Festa da Pataca
29 de Outubro	Leiro	Festa do Licor Café
Novembro	A Gudiña	Festa do Xabarán con Castañas
Novembro	Cabanelas O Carballiño	Festa do Viño Novo de Cabanelas
Novembro	Riós	Feira da Castaña e do Cogomelo
8 de Novembro	A Veiga	Magosto Popular
11 de Novembro	Ourense	Magosto Popular

PONTEVEDRA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Xaneiro	Santa María de Oia	Festa do Chourizo
Xaneiro	Vilanova de Arousa	Festas dos Callos de Vilanova
3º sábado de Xaneiro	A Guarda	Festa da Paletada
Domingo antes de Entroido	Lalín	Festa do Cocido
4 de Febreiro	Vila de Cruces	Festa de Exaltación do Chourizo
Véspera do domingo de Paixón	Pontecesures	Festa do Ovo con Chourizos
2º domingo de Marzo	Mourete (Pontevedra)	Festa do Caldo
Domingo anterior ao Ramos	Pontecesures	Festa da Lamprea en Pontecesures
Sabado e domingo de Ramos	Sanxenxo	Festa da Raia
Venres Santo	As Neves	Feira do Requeixo e o Mel
Sábado e Domingo de Pascua	Arcade (Soutomaio)	Festa da Ostra
23 de Marzo	Pontevedra	Feira da Cabaza
Domingo de Pascua	Silleda	Festa da Rosquilla
Domingo de Pascua	Tui	Festa da Angula
27-30 Marzo	Marín	Festa da Caldeirada
Último domingo de Marzo	Bueu	Festa do Millo Corvo
Último domingo de Marzo	Silleda (Sta María de Abades)	Romaría da Rosquilla
Abril	Nigrán	Festa da Cadelucha
19 e 20 Abril	Arbo	Feira de Lamprea
Último sábado de Abril	Santa María de Oia	Festa do Polbo
Maio	A Lama	Festa do Codillo
Maio	Pontecaldelas	Festa da Troita
Maio	Vila de Cruces	Festa do Galo de Curral
Maio	Vilaboa	Festa do Churrasco
7-8 de Maio	Silleda	Festa da Cacheira
2º domingo de Maio	Redondela	Festa do Choco
3º domingo de Maio	A Estrada	Festa do Salmón
Maio-S. Xoán	Ribadumia (Barrantes)	Festa do Viño Tinto do Salnés
S. Xoán	A Guarda	Festa do Roscón de Xema
S. Xoán	Vigo (Beade)	Feira-Festa da Cereixa de Beade
7-8 de S. Xoán	Bueu	Festa do Churrasco
1º domingo de S. Xoán	O Covelo	Festa do Chourizo de Paraños
21 de S. Xoán	Silleda	Festa da Parrilla
28-29 de S. Xoán	Campo Lameiro	Festa da Augardente
Último domingo de S. Xoán	A Guarda	Feira-Festa da Langosta
30 de S. Xoán	Cotobade	Festa do Queixo
Santiago	A Guarda	Festa do Peixe Espada
Santiago	Meis	Festa dos Callos de Meis

PONTEVEDRA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Santiago	O Rosal	Festa do Viño
Santiago	Vigo	Festa do Mexillón
2-4 Santiago	Bueu	Festa do Viño Tinta Femia
Día 6 de Santiago	Arbo	Festa da Lamprea Seca
6 de Santiago	Pontevedra	Festa da Peneirada
1º Domingo de Santiago	Gondomar	Festa da Rosquilla
7 de Santiago	Pontevedra	Festa da Anguía
2º sábado de Santiago	Catoira	Festa da Solla
13 de Santiago	Fornelos de Montes	Festa da Chanfaina
13 de Santiago	Portas	Festa do Galo de Curral
3º Domingo de Santiago	Ribadumia	Festa do Polo
24 de Santiago	Vilagarcía de Arousa	Xornadas Gastronómicas do Bacallau
25 de Santiago	Meaño	Encontro co Viño de Autor
25 de Santiago	O Covelo	Festa do Churrasco
26-27 de Santiago	Poio	Festa da Ameixa
Últi. fin de sem. de Santiago, día 27	Moraña	Festa do Carneiro ao Espeto
28 de Santiago	Cangas	Festa do Percebe e a Navalla
Agosto	A Caniza	Festa do Xamón
Agosto	Cambados	Festa de Exaltación da Vieira
Agosto	Carballeira de Ribadumia	Festa do Pan do Salnés
Agosto	Forcarei (Carballeira de Frei)	Festa do Porquiño
Agosto	Marín	Festa da Cigala
Agosto	Salvatera do Miño	Feira do Viño do Condado
Agosto	Vigo	Festa da Sardiña
Agosto	Vigo	Festa do Polbo
Agosto	Vilagarcía de Arousa (Carril)	Festa da Ameixa
Agosto	Vilanova de Arousa	Festa do Mexillón
1 de Agosto	Cangas	Festa do Bocho
1ª fin de semana de Agosto	Cambados	Festa do Viño Albariño
1º sábado de Agosto	Silleda	Festa da Tortilla
2º domingo de Agosto	Sanxenxo	Festa da Ostra
10-18 de Agosto	Pontevedra	Feira do Mel
14 de Agosto	Lalín	Festa do Xamón
16 de Agosto	Mondariz	Festa da Empanada
16 de Agosto	Poio	Festa do Mexillón
3º fin de semana de Agosto	Silleda (Bandeira)	Festa da Empanada de Bandeira
3º domingo de Agosto	Arbo	Festa da Augardente
Última semana de Agosto	Poio (Combarro)	Festa do Mar
Últi. fin de semana de Agosto	Poio (San Xoán de Poio)	Festa dos Callos

PONTEVEDRA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Último domingo de Agosto	Moraña (Carballeira dos Mila)	Festa do Porquiño á Brasa
Último domingo de Agosto	Vigo (Cabral)	Festa do Pan de Millo
Setembro	Pazos de Borbén (Moscoso)	Festa das Chulas
4 de Setembro	Sanxenxo	Festa da Cebola
5 de Setembro	Redondela	Festa do Mexillón
1º domingo de Setembro	Salceda de Caselas	Festa dos Callos
7-9 Setembro	A Lama	Festa do Viño Pelete
3º fin de semana de setembro	A Guarda	Festa da Zorza
21 de Setembro	Mos	Festa da Orella
3º domingo de Setembro	Vigo	Festa dos Pexegos
21 e 22 de setembro	Marín	Festas da Sidra e da Mazá
22 de Setembro	Vigo	Festa da Empanada
Último domingo de Setembro	Valga	Festa da Augardente e a Anguia
3-5 Outubro	Bueu	Festa do Polbo
5 de Outubro	Cambados	Festa da Vendima
1º domingo de Outubro	O Porriño	Festa dos Callos
5 de Outubro	Redondela (Negros)	Festa da Mazá
2º domingo de Outubro	O Grove	Festa do Marisco do Grove
21-25 de Outubro	Bueu	Xornadas Micolóxicas
Último sábado de Outubro	Silleda (Breixa)	Festa da Castaña
27 de Outubro-1 de Novembro	Pontevedra	Xornadas Micolóxicas
2 de Novembro	Pontevedra (Lourizán)	Magosto Popular
2 de Novembro	Pontevedra (Salcedo)	Festas de Outono
3 de Novembro	A Estrada	Festa do Cogomelo
4 de Novembro	Vila de Cruces	Feira da Castaña
8-11 de Novembro	Bueu	Festa de San Martiño
9 de Novembro	Barro	Festa do San Martiño
9 de Novembro	Caldas de Reis	Festa do Magosto
9 de Novembro	Meis	Festa de San Martiño
9 e 10 de Novembro	Pontevedra (Tomeza)	Festa da Castaña
9 ao 11 de Novembro	Salceda de Caselas	Festa do San Martiño
9 ao 11 de Novembro	Vilaboa	Festa do San Martiño
10 e 11 de Novembro	Poio	Magosto Popular
11 de Novembro	Cotobade (Insula)	Magosto Popular
14 de Novembro	Moraña	Magosto Popular
2º quincena de Novembro	Vilagarcía de Arousa	Semana Micolóxica
3º domingo de Novembro	Vigo (Cabral)	Festa do Cabazo
Decembro	Agolada	Feira do Porco Cebado
5-14 de Decembro	O Grove	Festa do Centolo
6 de Decembro	Sanxenxo	Festa da Fabada
1º domingo de Decembro	Forcarei	Festa da Richada

Catálogo xeral

DE SEMENTES DE INTERESE PARA GALICIA E CORNIXA CANTÁBRICA



SY Kairo > Altos rendementos en tempo récord

Ciclo



Ensilado: 260



Gran: 260

Caracterízase por plantas dun porte alto, con follas erectas e gran semidentado, con bo vigor de nacemento. Ten un alto potencial de rendemento en materia verde e ensilado, boa dixestibilidade e un alto contido en proteína e fibra. Admite altas densidades de semente.

SY Cooky > Calidade cor e vítreo moi precoz

Ciclo



Ensilado: 260



Gran: 260

Variedade cunha planta de porte medio, cunha inserción de espiga baixa e cunha excelente sanidade da planta ata o final do ciclo.

Excelente para a produción de gran de tipo redondo (Flint), alaranxado e vítreo. A súa precocidade e rusticidade permitenlle completar o seu ciclo cunha menor achega de auga. Debido á súa rápida perda de humidade, permite unha recolección máis temperá cuns menores custos de secado.

NK Perform > Alta calidade

Ciclo



Ensilado: 260



Gran: 260

É unha planta de talle medio, follas anchas e erectas e de cor verde intensa. Presenta un bo vigor de nacemento e desenvolvemento, así como un gran de calidade. O seu talo é robusto e resistente á caída. A súa calidade sanitaria é alta, xa que é tolerante a enfermidades foliares como o *helminthosporium*. A regularidade na súa espiga favorece un alto nivel produtivo para gran.

Cisko > Produto estrela

Ciclo  Ensilado: 300  Gran: 300

As súas principais características son: o seu alto rendemento en amidón, do que pode superar o 34 %, así como de UFL (Unidades Forrageiras Leite) que pode superar o valor 1 e a súa excelente dixestibilidade, que rolda o 75 % de DMO (Dixestibilidade de Materia Orgánica). Adáptase perfectamente a todo tipo de solos e climas e a súa resistencia ao encamado e á virose (MRDV) é total. O seu tamaño é homoxéneo, a inserción das súas espigas compactas e posúe un gran potencial de cultivo: 16 a 18 fileiras. Nos primeiros estadios do desenvolvemento o seu aspecto é repoludo, voluminoso e moi homoxéneo. Destaca pola súa extraordinaria nacemento e crecemento temperán.

SY Zephir > Unha xoia no Ciclo 300

Ciclo  Ensilado: 300  Gran: 300

É un híbrido cunha aptitude dobre, para gran e ensilado, que ten a particularidade de manter o seu potencial produtivo mesmo en condicións difíciles. Posúe unha capacidade de implantación moi rápida debido ao seu excelente vigor de nacemento. Ademais presenta unha planta moi sa dada a súa boa tolerancia ás principais enfermidades foliares, cun bo comportamento fronte encamado, ten ademais un rápido secado do gran.

SY Triade > Dúas plantas nunha: produción e sanidade

Ciclo  Ensilado: 400  Gran: 400

SY Triade é unha planta cunha dobre característica difícil de conseguir: un elevado potencial produtivo (consistente en varias zonas de produción) e cunha excepcional sanidade da planta e da espiga. Ten un porte e inserción da espiga alto, cun talo robusto e cun óptimo vigor de nacemento, precoz para o seu ciclo. Tola moi ben as enfermidades das follas así como o virus do ananismo rugoso (MDRV).

É unha variedade de dobre aptitude con calidade de ensilado excelente, mesmo en segundas colleitas.

SY Gibra > A mellor rendibilidade

Ciclo  Ensilado: 400  Gran: 400

Un millo de talle medio e alto potencial produtivo cun rendemento moi estable. Posúe dobre aptitude para gran e ensilado presentando unha boa adaptabilidade para zonas de estrés térmico, cun excelente Dry Down e unha gran sanidade de planta.

SY Sincero > A mellor opción para sementeiras tardías

Ciclo  **Ensilado: 500**  **Gran: 500**

Un híbrido que se comporta como un ciclo 500 en ensilado. Presenta planta de altura medio-alta, mazaroca elástica e con follas hipererectas para un maior aproveitamento da radiación solar, cun *stay-green* excelente, óptima ancoraxe radicular e tolerante á tensión.

SY Miami > O máis estable

Ciclo  **Ensilado: 500**  **Gran: 500**

É a referencia dunha nova xeración de híbridos Syngenta. É un puro produtor de gran, destacando polo seu excelente comportamento e adaptación a todas as rexións da península ibérica dedicadas ao cultivo de millo. É un híbrido cun porte de planta medio, moi equilibrada, tolerante ao encamado e cun bo vigor de arranque inicial, permitindo unha rápida instalación do cultivo e con baixa inserción da mazaroca. A espiga é uniforme, ancha, con moitas fileiras e cun bo enchido ata ao final.

SY Hydro > Expresa sempre o seu máximo potencial produtivo

Ciclo  **Ensilado: 600**  **Gran: 600**

Variedade cunha dobre aptitude para gran e ensilado, cun bo *stay-green* que se adapta a unha gran diversidade de tipos de chan e cunha elevada eficiencia hídrica que permite tolerar mellor as situacións puntuais de estrés hídrico, o que é unha garantía de produtividade. É tolerante ao virus do ananismo (MRDV).

SY Inove > O millo con mais gran

Ciclo  **Ensilado: 600**  **Gran: 600**

Permite obter unha óptima produción en todo tipo de chan. É un híbrido extremadamente fiable en todas as situacións de campo grazas á súa tolerancia a *Helminthosporium* e ao virus do ananismo (MDRV). É unha planta cun porte medio alto e vigoroso, moi estable e cunha boa tolerancia ao encamado de raíz e talo, cunha excelente sanidade ao final do ciclo (que se traduce en máis rendemento de materia verde/hectárea).



DE SEMENTES DE HORTÍCOLAS PARA GALICIA E CORNIXA CANTÁBRICA

Leitugas

Nagore (Batavia)

Voluminosa

Batavia amarela de tipo clásico, con cabeza.

Varietade para recoleccións de finais de outono, inverno e primavera en invernadoiro. Excelente volume e presentación con bo comportamento fronte a necrose marxinal.

Resistencia alta (HR) a BI: 16-24, 27-28, 30-32 / Fol:1. Resistencia intermedia (IR): LMV:1.

Edurne (Batavia)

Recolección en primavera, verán e outono

Varietade de vigor medio, precoz, con boa resistencia ao espigado e podremia. Costela de folla moi rizada e excelente autobranqueo. Para recoleccións de primavera, verán e outono. Excelente presentación e boa calidade en primavera/verán con alta porcentaxe de produto branco.

Resistencia alta (HR) a BI: 17 / Fol:1. Resistencia intermedia (IR) LMV:1.

Masaída (Batavia)

A referencia do consumidor

Varietade de batavia amarela de gran rusticidade e boa adaptación a todas as condicións de cultivo. Boa resistencia ao espigado. Recomendada para plantacións ao aire libre e recoleccións de verán. Presenta unha folla fina e crocante.

Resistencia intermedia (IR) a LMV:1

Daguan (Trocajero)

Rusticidade e rendemento

Apropiada para cultivos de aire libre, moi apreciada pola súa rusticidade e rendemento. Para recoleccións de primavera e verán. Bo comportamento fronte a necrose e espigado. Varietade voluminosa, de cor verde media brillante, cunha cabeza non demasiado compacta.

Resistencia alta (HR) BI:16-20, 22-24, 27-28, 30-32. Resistencia intermedia (IR) LMV:1.

Catálogo xeral



DE PRODUTOS FITOSANITARIOS DE INTERESE PARA GALICIA E CORNIXA CANTÁBRICA

PRODUTO N° 00000

COMPOSICIÓN N°= N° Rexistro

E PRESENTACIÓN CATEGORÍA E PRAZO SEGURIDADE. NP= Non procede.

INDICACIÓNS E DOSE

A información incluída neste almanaque é orientativa e non exime da lectura da etiqueta e da ficha de datos de seguridade do produto que se atopan á súa disposición na páxina web de Syngenta.

INSECTICIDAS

ACTARA 25 WG

25 % Tiamethoxam WG. N° 23.093

15x4 g, 100 g, 250 g, 400 g, 500 g e 1 kg. PS: 3 días e tomate, pemento, berenxena, cogombro, melón e sandía; 7 días en patacas; 14 días nas froiteiras; 21 días en leituga; 28 días en cítricos.

Novo insecticida sistémico que actúa por inxestión e contacto, contra escaravellos resistentes, pulgóns, e mosca branca, para os cultivos de: patacas, melocotoeiro, maceira, cítricos, tomate, leituga, pemento, berenxena, cogombro, melón e sandía. Pode ser aplicado en pulverización normal ou rega de pingapinga.

DOSE: Patacas: 80-100 g/ha; melocotoeiro: 200 g/ha; maceiras: 300-400 g/ha; tomate, pemento, melón e sandía: 20-40 g/hl; leituga: 400 g/ha. No caso da mosca branca usar 400 g/ha. Nos cítricos para *Phyllocnistis* ou minador: 30 g/hl.

AFFIRM

0,855 % Emamectina N° 25.353

(benzoato) - SG. PS: 1 día alcachofa e amordeiras; 3 días en berenxena, corcubitéceas de pel non comestible, hortaliñas do xénero brassica, leituga, cogombro, pemento e tomate; 7 días en vides.

Novo insecticida de alta eficacia por inxestión e lixeira acción de contacto. A súa acción translaminar proporcionalmente unha eficacia moi elevada para o control de insectos mastigadores, especialmente, eirugas de lepidópteros. Presenta unha baixa toxicidade e está admitido na maioría dos protocolos de protección integrada.

DOSE: Alcachofa, hortaliñas do xénero brassica, leituga e vide: de 1 a 1,5 kg/ha. Berenxena, corcubitéceas de pel non comestible, amordeiras, cogombro, pemento e tomate de 100 a 150 g/hl.

AMPLIGO 150 ZC

10 % p/v Clortraniliprol + N° 25.712

5 % p/v Lambda-cihalotrin ZC. PS: 3 días en tomate; 7 días nas hortalizas do xenero
1 e 5 l. PS: 14 días en leituga e similares, millo e millo doce.

Insecticida foliar para controlar vermes nas hortalizas do xénero brassica (ao aire libre),
leituga e similares, millo, millo doce e tomate. Combina dous ingredientes activos con
diferentes modos de acción: clortraniliprol e lambdacialotrina cunha nova formulación ZC.
Ten un amplo espectro de acción, efecto de choque e eficiencia insecticida prolongada.

DOSE: 0,3 – 0,4 l/ha.

COSTAR

18 % Bacillus thuringiensis var. N° 22.060

Kurstaki. 90,4 millóns de U.I./g WG. PS: NP.

500 g.

Insecticida biolóxico específico contra vermes de lepidópteros. En algúns cultivos hortalizas
e froiteiras (consultar a etiqueta).

DOSE: 30-50 g/hl. Con alto volume de caldo por ha. Aplicar ao observar as primeiras eirugas
ou síntomas. Usar as doses máis altas se hai vermes desenvolvidos.

CRUISER 350 FS

35 % Tiamethoxam FS.

N° 23.141

1 l.
